



## Ler, escoitar, bailar...

### *Brinca vai!*

Paco Nogueiras.  
Kalandraka.

Libro, CD e DVD que nos leva nunha viaxe musical ao longo dos 12 meses do ano, cantando e bailando temas vencellados coa natureza, a amizade, a lingua, os xogos populares ou as festas tradicionais.



### *Estamos no verán.*

Xoán Curiel e Charo Pita.  
Galaxia.

Libro disco que nos fala dunha panda de amigos que queren montar un grupo musical. Funk, rock ou bossa nova son algúns dos estilos musicais presentes neste álbum dirixido a rapaces de oito a doce anos.

## Natureza ilustrada

*Inventario ilustrado de animais, dos mares e das árbores.* Virginie Aladjidi e Emmanuelle Tchoukriel.  
Faktoría K.

Fermosísimas guías de natureza con ilustracións inspiradas nos debuxos dos naturalistas clásicos e coloreadas con acuarela.



[www.blogoteca.com/bbs](http://www.blogoteca.com/bbs)

## COLLEITA DE VERÁN

Cantos froitos apañamos este curso! Agromaron palabras, proxectos, lecturas...

No verán queremos seguir colleitando coñecementos e bos momentos coa lectura, a música, a ciencia, a natureza... Aquí tedes a colleita de verán da BBS.

Boas vacacións e boas lecturas!

Biblioteca Brea Segade

**Libros que veñen e van!**  
As bolsas de lectura de verán agardan por vós na biblioteca entre o 23 e o 30 de xuño, en horario de mañá.



Este verán :

- ▶ **Feira do libro en Rianxo** entre o 24 e o 27 de xullo, con presenza das bibliotecas escolares e municipal
- ▶ **B.P.M. "Castelao" de Rianxo**

Horario

De luns a venres

Mañás

09:30-13:30

BOLETÍN INFORMATIVO DA  
BIBLIOTECA BREA SEGADE

COLLEITA DE VERÁN




BBS

Biblioteca Brea Segade

Xuño 2014



## Primeir@s lector@s





**As redes de Inés**  
Elvira Riveiro Tobío. Xerais.

Historia rimada protagonizada por Inés, unha redeira que sabe lendas do mar.

## Na cociña de noite

Maurice Sendak. Kalandraka

“Nós forneamos mentres ti dormes.” A lembranza deste anuncio dunha pastelería fixo que o autor creara esta historia rimada cun neno e tres pasteiros como protagonistas. Un clásico que Kalandraka acaba de publicar en galego.



**A burra Ramona.**  
Paula Carballeira. Baía Edicións

Trata dunha burra que un día, farta de levar a vida que levaba, cansa da rutina, decide que quere voar e ponse a mirar para as nubes no medio do camiño, alí, sen moverse, negándose a continuar.

## Experimentos con el agua.


Delphine Grinberg.  
Mi mundo. SM.

Un libro para espertar a curiosidade e dar resposta ás preguntas sobre a auga. Con fichas de experimentos moi sinxelos, páxinas interactivas e materiais complementarios.



BES

## Lector@s autónom@s




**A Terra queima.**  
Xurxo Souto. Xerais.

Un libro-disco escrito e narrado por Xurxo Souto e musicado por Lalo Carnota. Antón, o protagonista deste conto, detense a escoitar a música da natureza, paxaros, vento, montes, fontes... e tamén escoita abraiado como lle piden axuda para salvar o Mundo!

## O misterio do lixo mutante.

Carlos Freire. Sushi Books


Catro gatos da rúa atopan entre restos de comida unha botella cuns estraños xeroglíficos. A curiosidade por coñecer o autor da misteriosa mensaxe levaraos a vivir múltiples aventuras, a escoitar historias entretidas e descubrir segredos do mundo da reciclaxe .



## La gran prueba. Mondragó

Ana Galán. Everest.

Cale cumpre once anos e, como é tradición en Samaradó, asígnanlle un dragón e unha proba: levalo ao seu castelo antes da lúa chea. Pero Mondragó non é o dragón que Cale esperaba: é demasiado grande, distráese a cada paso e é incapaz de voar! Este é o primeiro título dunha serie chea de dragóns, castelos e aventuras.



## Experimentos divertidos para niños.

Carla Nieto Martínez. Editorial Libsa.

Guía para ensinar a realizar os experimentos científicos máis divertidos con materiais que podes encontrar facilmente na casa.



## Lector@s expert@s




**Soños de fútbol en Bangui.**  
Yves Pinguilly. Galaxia

Zangba, que ten 15 anos, vive en Bangui, na República Centroatricana. El só pensa no fútbol. Mesmo sen calzado e co estómago baleiro, no terreo de xogo, vibra. Os espectadores tamén, porque ten un enorme talento como futbolista.

## Os nenos de Bullerbyn.

Astrid Lindgren. Sushi Books.

Lisa, Britta, Anna, Lasse, Bosse e Ole viven en Bullerbyn, unha aldea tan pequena que non ten sitio para o aburrimiento. Alí constrúen cabanas, van pescar, dormen na palleira e fan carreiras na neve.



## La pirámide roja.

Rick Jordan. Montena

Aínda que eles non o saben, Sadie e Carter pertencen á estirpe dos faraóns. Un día, sen que saiban como, vense metidos nunha aventura trepidante para evitar que Set, o irmán de Osiris, deus da morte, sembre o caos en toda a Terra.

## Ciencia para niños. Un viaje alucinante.

Editorial Parramon.

Viaxe no tempo pola ciencia e a tecnoloxía, desde a actualidade á antigüidade, por diferentes rincóns da terra e do universo.

